

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:
CURSO:
MATERIA:
DEPARTAMENTO:
DATA:

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|--|
| B1.4. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos. | VSCB1.4.3. Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas con axuda dunha persoa adulta. |
| B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a tomando decisións meditadas e responsables, baseadas nun bo autoconcepto. | VSCB1.1.1. Reflexiona sobre os trazos característicos da súa personalidade e verbaliza as conclusións VSCB1.1.2. Expresa a percepción da súa propia identidade, integrando a representación que fai dun mesmo ou dela mesma e a imaxe que expresan os demais. |
| B1.2. Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal. | VSCB1.2.1. Razona o sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas. |
| B1.7. Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas. | VSCB1.7.1. Reflexiona, respondendo a preguntas, as consecuencias das |
| B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal. | VSCB2.1.1. Expresar con claridade opinións, sentimentos e emocións. VSCB2.1.4. Expón respectuosamente os argumentos |
| B2.5. Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento. | VSCB2.5.1 Relaciona, con axuda dunha persoa adulta, diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns. |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|--------------------------------------|---|
| Avaliación | <p>Procedementos: a avaliación será continua.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Seguimento continuo e individualizado do alumno mediante as videoconferencias (empregando o programa Skype) - Realización de traballos que impliquen o desenvolvemento dos contidos básicos da área, sendo imposible o desenvolvemento e avaliación dos contidos que implican as habilidades sociais. - A área será traballada de forma transversal con contidos vinculados ás demais materias. |
| | <p>Instrumentos: <u>Traballo individual:</u> realizaranse tarefas e traballos integrados e globalizados, que o alumno recollerá nun <u>portafolio individual</u>. <u>Entrevistas</u> persoais. <u>Diálogos e debates:</u> conexións por parellas valorando o diálogo entre iguais.</p> |
| Cualificación final | <p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A avaliación final do trimestre suporá a adquisición dos estándares adaptados a este trimestre. Así como a <u>participación, esforzo e implicación na materia</u>. A avaliación final de curso consistirá na media aritmética das calificacións obtidas no primeiro e segundo trimestres. A repetición de curso enténdense coma unha medida de carácter excepcional. A nota do terceiro trimestre só afectará á cualificación final se beneficia ao alumno/a.</p> |
| Alumnado de materia pendente | <p>O alumno non ten materia pendente na área de Valores Sociais e Cívicos dos anteriores trimestres.</p> |
| | <p>O alumnado recibe unha atención individualizada con gran apoio por parte da familia. Aquel alumnado que presenta dificultades para seguir o ritmo na materia recibirá tarefas acorde ás súas necesidades; para a súa cualificación, terase en especial consideración a constancia e esforzo na materia, mostrando hábitos de estudo e traballo.</p> |

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|--|--|
| <p>Actividades</p> | <p>As tarefas serán globalizadas e integradas nas demais áreas curriculares. Tratándose únicamente dun alumno, e baixo un estado de confinamento, non é posible desenvolver tarefas que impliquen a interacción e, polo tanto, desenvolver os contidos da área.</p> <p>Polo tanto, realizaranse traballos que se irán programando co alumno, abordándose a área de forma transversal.</p> |
| <p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p> | <p>Todo o alumnado de terceiro conta con conectividade: 10 alumnos/as contan con wifi na casa e 1 alumna emprega datos móbiles.</p> <p>A área de Valores Sociais e Cívicos abrodarase de forma integrada e globalizada coas demais áreas curriculares, seguindo nela unha metodoloxía paralela.</p> <p>Videochamadas individuais ou por parellas: unha vez á semana, unha hora con cada alumno/a (dúas horas, no caso de traballar en parellas) :</p> <ul style="list-style-type: none"> - Con wifi: empregamos o programa Skype para as videochamadas individuais ou grupais - Con datos móbiles: realizo unha chamada persoal á alumna, co meu teléfono móbil. <p>Nesta sesión semanal repasamos as diferentes materias, aclaro as dúbidas do alumno/a, correximos as tarefas e atendo o seu desenvolvemento emocional, véndose especialmente afectados polo estado de confinamento.</p> <p>Tarefas: traballo específico para o desenvolvemento da área que mandarei únicamente ao alumno.</p> <p>Recepción de traballos e corrección: o alumno enviará ao correo electrónico as actividades globalizados e interdisciplinares que implican a busca de información en varias materias.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Con wifi: as familias contan con correo electrónico e envían as tarefas. - Con datos móbiles: a familia envía unha fotografía mediante a aplicación Whatsapp. <p>Comunicación: ademais do Skype, contamos con Abalar Móbil como canle de contacto e unha conta de correo electrónico.</p> <p>Co resto do claustro, a comunicación é telefónica, sendo a directora e xefa de estudos a que actúa coma enlace entre o profesorado.</p> |
| <p>Materiais e recursos</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Fichas de elaboración persoal, enviadas mediante a web do centro. Non requiren ser impresas, pero aquel alumnado que non conta con impresora na casa, recibe o material mediante o Concello. - Proposta de actividades que recollerei nun documento, secuenciando os pasos para a realización do traballo. - Ordenador personal: co que manteño a comunicación co alumando e no que elaboro os materiais que fago chegar ás familias. - A familia conta con ordenador e internet, aínda que con baixa calidade de conexión. - Wifi e/ou conexión de datos móbiles. |

4. Información e publicidade

| | |
|--|--|
| Información ao alumnado e ás familias | <p>O alumnado e as familias son informadas de forma individual nunha sesión semanal mediante conexión por Skype ou chamada telefónica. A ferramenta Abalar Móbil, así coma o correo electrónico, permite que as familias poidan formular preguntas e suxestións. Empregouse a ferramenta Abalar Móbil para informar ás familias dos resultados da calificación do segundo trimestre.</p> <p>O alumnado e as familias son informadas colectivamente mediante os avisos publicados na páxina Web do centro.</p> |
| Publicidade | Web do centro. |